



RESOLUCIÓN DE 6 DE OUTUBRO DE 2015, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PUBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA EN MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PUBLICA CONVOCADA POR RESOLUCIÓN DE 18 DE XUÑO DE 2015.

Mediante Resolución de 18 de xuño de 2015 do Xerente de Xestión Integrada da Coruña convócase, para vinculación temporal por concurso de méritos, unha praza de Facultativo Especialista de Área na Especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

Por Resolución de 25 de setembro de 2015, fixéronse públicos os acordos da Comisión de avaliación desta Especialidade (nomeada por Resolución da Xerencia da EOXI Coruña do 24 de agosto de 2015), cos resultados obtidos polos aspirantes concorrentes, abrindo un prazo de reclamacións para que os interesados presentaran as que considerasen pertinentes. Transcorrido o prazo regulamentado, esta Xerencia

RESOLVE:

- Elevar a definitiva a listaxe provisional de puntuacións acadadas polos aspirantes

PROFESIONAL	Exp. Profesional (max. 30 puntos)	Formación (max. 18 puntos)	Investigación e innovación Sanitarias (max. 18 puntos)	Coñecemento lingua galega (max. 4 puntos)	TOTAL FASE MERITOS	ENTREVISTA (max. 30 puntos)	PUNTUACION TOTAL
Carbón Otero, Mariana	0,8	8,54	0	4	13,34	N.P.	13,34
García Ruise, Salvador	10,5	12,6	0,1	4	27,2	N.P.	27,2
Otero Santiago, María	27,9	9,47	0	4	41,37	N.P.	41,37
Pardo Landrove, María José	8,8	16,61	0	4	29,41	19	48,41
Suarez Lorenzo, Jose Manuel	21,52	13,93	0,95	4	40,40	28	68,40
Varela Camino, Angela	30	13,72	0	4	47,72	N.P.	47,72

Seleccionar para a cobertura de 1 praza ó candidato que segundo establece a convocatoria acade unha puntuación mínima de 40 puntos:

SUAREZ LORENZO, JOSÉ MANUEL: 68,40 Puntos

De acordo coa base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de toma de posesión dun mes para que os candidatos formalicen o nomeamento. O prazo comezará a contar dende o 8 de outubro de 2015.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes dende a súa publicación, conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

A Coruña a 6 de outubro de 2015
O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA



A handwritten signature in black ink, appearing to read "Francisco Jose Vilanova Fraga".

Asdo.- Francisco Jose Vilanova Fraga



DILIXENCIA

Para facer constar que con esta data publícase no taboleiro de anuncios da Xerencia (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña)/Espazo do profesional, así na páxina web do Servizo Galego de Saúde, a resolución definitiva relativa á convocatoria pública para a vinculación temporal dunha praza de Facultativo especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública convocada por resolución de 18 de xuño de 2015.

A Coruña, 9 de outubro de 2015
A subdirectora de RRHH da EOXI A Coruña



Asdo.: Carmen Balboa Salgado